



Non hai para nós nin para ti resposta

Iria Lago García

Quizabes os rapaces das túas afastadas escolas gritaban dentro de ti, e as mutabeis, ásperas filosofías, que abriron (te) sílabas non de cinza senón de visibles certezas, leccións da alma...quizabes foron elas as que atopo na platea. Falas para un auditorio que tronza o gorgomil dos arcebispos, eu vin como chorabas. A labor editorial complétase coa participación en actos públicos, este sábado vamos xuntar no Coliseo a centos de persoas, esperas con Óscar a que a música remate. É verdade que ando a subir e baixar advertindo dos tempos, mais recordo o día do concerto moi ben, xa non preciso nin ver o vídeo.

Cando Pepe marchou da casa o Colectivo andaba a desfacer as lámpadas da noite, parou antes de entrar na sala e revisou o botón da camisa, o libro marcado na páxina correcta, quería beber a auga que había dentro da caixa na subida da escaleira pero tiña que esperar a que o músico deixara de contarlle o novo proxecto de acollida que subvencionaba o goberno. Que quería auga e oía como a choiva mer-maba ás persoas; cando traballaba na escola e chovía sementaba unha capa de tafetá que o Papa doara ao Santo António. Araba no tecido correúdo cando o líquido baixou, son as dez da noite e a sirena chama á maré, teño que sentar mais as pernas non me deixan, desta forma Pepe pasou catro horas de pé.

*Forse i ragazzi delle tue scuole lontane
ti gridavano dentro, e le filosofie mutevoli,
aspre che ti aprirono silabe non di cenere
ma certezze visibili, lezioni dell'anima.*

Salvatore Quasimodo "Versi ad Angiola Maria"



Vou recitar o poema dun amigo, nesta sala a carraxe aniñará nas pedras, hai que romper as mansas augas e teño sede doutra pequena garrafa. A nena vai buscar ao seguinte e logo saio eu, o líquido baixa; cando non miren cambiarei o vestiario porque o botón non é, non sei se fixen ben bebendo tanto; este ano o barco encallou na praia e foi esa auga de nube que hoxe reflicte nas fosas máis negro un anaco de ceo.

Perdín cinco anos de París o día que fun ao cemiterio, só lembro á amante ofrecéndome a man. Só podo semearte ese día no teatro, non hai para nós nin para ti resposta.